

INT/2026/000322

PROVIDENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA CAMBIO DE FINALIDADE, CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Visto que existen proxectos de gasto para os que o crédito existente non é suficiente para afrontar as actuacións necesarias para atender necesidades expostas pola cidadanía e tamén por diferentes servizos municipais.

Vista a existencia de proxectos de gasto que requiren de financiamento inmediato por atoparse suxeitos a uns prazos de execución e xustificación impostos polos axentes que financian ditos proxectos.

Dado que a reposición dos recursos financeiros dos proxectos en cuestión, non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e que non contan con crédito suficiente e/ou axeitado no Orzamento 2026 (prorrogado do exercicio 2025), tratándose todos eles de gastos de investimentos segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN		PROX	DENOMINACIÓN	IMPORTE
334	63200	2026 2 PREST 1	RESTAURACIÓN AUDITORIO	62.423,66 €
1530	61900	2026 2 EDIL 4	HUMANIZACIÓN RÚA ADUANA E CRUZ	480.000,00 €
1530	61900	2024 2 PREST 16	MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE	150.000,00 €
				692.423,66 €

Considerando que no proxecto de gasto 2024-2-PREST-1 AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA financiado con operacións de préstamo concertadas no exercicio 2024, que dispoñen de crédito suficiente e prevendo que unha parte dos mesmos, non van ser utilizados na finalidade para a que foron dotados, por terse conseguido financiación externa mediante subvencións de Deputación Provincial e fondos FEDER:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPOÑIBLE	CAMBIO FINALIDADE
342	62200	2024 2 PREST 1	AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA	3.005.067,71	692.423,66

Tendo en conta que no Anexo de Investimentos do Orzamento municipal para o 2025 existe un proxecto para o arranxo das praias do Preguntoiro e Bamio e sendo necesario atender a maiores, as demandas veciñais para o arranxo doutros areas municipais.



PRIMEIRO: Procédase á incoación do expediente de modificación da finalidade do financiamento afectado, derivado das operacións de préstamo concertadas no seu día para o financiamento dos Anexos de Investimento do respectivo exercicio coa finalidade de atender os gastos derivados dos Proxectos sinalados.

SEGUNDO: Que se emitan os correspondentes Informes pola Intervención Municipal.

TERCEIRO: Unha vez emitidos os informes aos que se refiren os puntos precedentes, o expediente someterase á aprobación do Pleno da Corporación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

A CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA

